

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

4447 Orde ARM/657/2009, do 11 de marzo, pola que se modifica o anexo I do Real decreto 1999/1995, do 7 de decembro, relativo aos alimentos para animais destinados a obxectivos de nutrición específicos.

A Directiva 94/39/CE, da Comisión, do 25 de xullo de 1994, pola que se establece unha lista de usos previstos dos alimentos para animais destinados a obxectivos de nutrición específicos, foi incorporada ao noso ordenamento xurídico polo Real decreto 1999/1995, do 7 de decembro, relativo aos alimentos para animais destinados a obxectivos de nutrición específicos. A mencionada Directiva 94/39/CE, da Comisión, do 25 de xullo de 1994, foi modificada en diversas ocasións e de forma substancial, e procedeuse á súa codificación mediante a Directiva 2008/38/CE, da Comisión, do 5 de marzo de 2008, pola que se establece unha lista de usos previstos dos alimentos para animais destinados a obxectivos de nutrición específicos, a cal non é preciso incorporar ao noso ordenamento ao non supor modificación normativa ningunha, senón unha codificación.

A citada Directiva 2008/38/CE, da Comisión, do 5 de marzo de 2008, inclúe como obxectivo de nutrición específico a «axuda á función renal en caso de insuficiencia renal crónica». Mediante o Regulamento (CE) nº 163/2008, da Comisión, do 22 de febreiro de 2008, relativo á autorización do preparado de carbonato de lantano octahidrato (lantharenol) como aditivo para a alimentación animal, a Comisión autorizou este preparado como aditivo zootécnico en pensos para gatos.

Esta autorización baseouse nun ditame da Autoridade Europea de Seguranza Alimentaria do 18 de setembro de 2007, no cal se considerou que ao complementar a dieta con ese preparado diminúe a excreción urinaria de fósforo e aumenta a súa excreción polas feces, debido a unha diminución da dixestibilidade aparente do fósforo, e chégase á conclusión de que ese preparado pode reducir a absorción de fósforo dos gatos adultos.

Así, a Directiva 2008/82/CE, da Comisión, do 30 de xullo de 2008, que modifica a Directiva 2008/38/CE no relativo aos pensos de axuda á función renal en caso de insuficiencia renal crónica, incluíu o carbonato de lantano octahidrato na lista de usos previstos na parte B do anexo I da Directiva 2008/38/CE, no obxectivo específico «axuda á función renal en caso de insuficiencia renal crónica».

Por isto, procede a incorporación ao noso ordenamento de citada directiva a través da oportuna modificación do anexo I do Real decreto 1999/1995, do 7 de decembro.

Na tramitación desta norma foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos intereses dos sectores afectados, e emitiu informe a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

Esta orde dítase ao abeiro da disposición derradeira primeira do Real decreto 1999/1995, do 7 de decembro, que faculta o titular do departamento para que, no ámbito das súas competencias, poida ditar as disposicións necesarias para adaptar o contido dos seus anexos ás correspondentes modificacións da normativa comunitaria.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo único. Modificación do anexo I do Real decreto 1999/1995, do 7 de decembro, relativo aos alimentos para animais destinados a obxectivos de nutrición específicos.

Na parte B do anexo I do Real decreto 1999/1995, do 7 de decembro, relativo aos alimentos para animais destinados a obxectivos de nutrición específicos, o contido do obxectivo de nutrición específico «axuda á función renal en caso de insuficiencia renal crónica» substitúese polo que figura no anexo desta orde.

Disposición derradeira primeira. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante esta orde incorpórase ao dereito español a Directiva 2008/82/CE, da Comisión, do 30 de xullo de 2008, que modifica a Directiva 2008/38/CE no relativo aos pensos de axuda á función renal en caso de insuficiencia renal crónica.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 11 de marzo de 2009.–A ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, Elena Espinosa Mangana.

ANEXO

Modificación da parte B do anexo I do Real decreto 1999/1995, do 7 de decembro

«Obxectivo de nutrición específico»	Características nutritivas esenciais	Especie ou categoría de animais	Declaracións da etiquetaxe	Período de utilización recomendado	Outras indicacións
1	2	3	4	5	6
Axuda á función renal en caso de insuficiencia renal crónica (*)	Baixo contido de fósforo e contido limitado de proteínas, pero de alta calidade ou	Cans e gatos	– Fonte(s) de proteínas – Calcio – Fósforo – Potasio – Sodio Contido de ácidos graxos esenciais (se se engaden)	Inicialmente até 6 meses (**)	Indíquese no envase, recipiente ou etiqueta: «Recoméndase consultar un veterinario antes de utilizalo ou de prolongar o seu período de utilización.» Indicar nas instrucións de uso: «Os animais deberán ter acceso permanente á auga.»
	Menor absorción de fósforo por incorporación de carbonato de lantano octahidrato	Gatos adultos	– Fonte(s) de proteínas – Calcio – Fósforo – Potasio – Sodio – Carbonato de lantano octahidrato – Contido de ácidos graxos esenciais (se se engaden)	Inicialmente até 6 meses (**)	Indíquese no envase, recipiente ou etiqueta: «Recoméndase consultar un veterinario antes de utilizalo ou de prolongar o seu período de utilización.» Indicar nas instrucións de uso: «Os animais deberán ter acceso permanente á auga.»

(*) Cando proceda, o fabricante tamén poderá recomendar o seu uso en caso de insuficiencia renal pasaxeira.

(**) Se o penso está indicado para casos de insuficiencia renal pasaxeira, o período de utilización recomendado oscilará entre dúas e catro semanas.»